

Memoria xustificativa da addenda número 1 ao convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o concello de Redondela para a mellora da seguridade viaria e reordenación da PO-363 entre Redondela e a praia de Cesantes

1.- Antecedentes.

O 30 de xullo de 2025 asinouse un convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Redondela para a mellora da seguridade viaria e a reordenación da PO-363 ata a praia de Cesantes.

O importe das obras estímase en 1.594.713,10 € IVE incluído e serán financiadas polas dúas administracións.

A AGI comprometeuse a financiar a actuación ata un máximo de 1.161.444,91 €, con cargo a partida 11.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo coa seguinte distribución:

ANO	IMPORTE €
2025	232.288,98
2026	580.722,46
2027	348.433,47
TOTAL	1.161.444,91

O Concello de Redondela, segundo a cláusula terceira, asumiu as seguintes obrigas económicas:

ANO	IMPORTE €
2025	86.653,64
2026	216.634,10
2027	129.980,45
TOTAL	433.268,19



2.- Razóns de necesidade e oportunidade

O 16 de outubro de 2025 o Concello de Redondela solicita a sinatura dunha addenda na que se transfira a anualidade 2025 a 2028, dado que están coa licitación do proxecto das obras.

Ámbalas dúas partes desexan que o obxecto do convenio, a reordenación da PO-363 ata a praia de Cesantes se poida levar a cabo polo que cómpre tramitar a addenda solicitada que afecta a redacción das cláusulas terceira, compromisos do concello, cuarta, compromisos da axencia, quinta referente á xustificación e pagamento e undécima que determina a vixencia do convenio.

Coa modificación proposta o importe do investimento previsto para 2025 pasa na súa totalidade a 2028 para ámbalas dúas administracións, sen que se incremente o número de anualidades inicialmente previsto .

3.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio e desta addenda adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

